

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 4 DE NOVIEMBRE DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día catro de Novembro de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.-
Concelleiros: Don Xose Pérez Iglesias, Don Amando Martinez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 28 de Outubro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito de Dona Rosa María Bouzas Pérez, veciña de Castrelo de Miño, con domicilio na rúa Alejandro Ferrer, 25, no que interesa condicións urbanísticas aplicables a unha parcela sita na Estrada N-120, na zona da Quinza, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, o cal di: "Para a zona de cuadrículas sinalada no plano das NN.SS., o solo está clasificado como solo urbanizable SUB (PI) PRESCRIPCION INDUSTRIAL.- O presente solo e dada a súa realidade actual

afectado pola Autovía Rías Baixas así como polos seus accesos, o Concello deberá tomar entre as súas prioridades a reordenación urbanística da zona.- En tanto non se reordene a zona a súa clasificación é solo urbanizable e non dispoñendo do desenrolo urbanístico correspondente, o seu tratamento como SNU/N, coas condicións propias deste tipo de solo, limitación de aliñación, etc., que estableza o MOPT. A solicitante si así o desexa, sinalará sobre o plano que se lle facilita a ubicación exacta da parcela en cuestión".

Visto un expediente que se tramita nesta Administración a instancia de Don Francisco José Rego Martínez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Avda. Redondela, 23, 4º A, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello, que di: "Vistos os antecedentes que remontan ó ano 1992 e dada a nova realidade da zona coa construción da autovía, considérase que deberá aportar nova documentación regulamentaria coa cartografía axustada á realidade actual, comezándose nese intre o correspondente expediente. E de aplicación a Ordenanza 6.3 ORDENANZA SNU/N, SOLO NON URBANIZABLE NORMAL.- 6.3.1.- DEFINICION.- Espacio destinado a explotación directa do solo, xa sexa agrícola forestal, pecuaria, así como á explotación de filóns e extracción de terras, rocas e minerais.- 6.3.2.- AMBITO TERRITORIAL.- Todo o territorio municipal, excepto o calificado como urbano, de reserva urbana ou non urbanizable doutro tipo.- 6.3.3.- NORMAS DE USO.- 6.3.3.1.- USOS PREVISTOS.- Explotacións agrícolas, pecuarias e forestais; explotacións de filóns petrográficos e mineralóxicos; construcións vinculadas ás obras públicas; edificacións e instalación de utilidade pública ou social; vivendas familiares sen formar núcleo; "campings".- 6.3.3.2.- USOS TOLERADOS.- Industrias vinculadas a filóns; industrias illadas; almacéns de produtos insalubres, nocivos, tóxicos ou perigosos; grande industria.- 6.3.4.- NORMAS DE VOLUME.- 6.3.4.1.- CONDICIONS DE POSICION.- Retranqueo mínimo: frontal, 5 metros a partir da aresta exterior de calzada; lateral posterior: usos de vivenda, tres metros, usos menores (casetas, alpendres, etc.), sen límite; outros usos, tres metros.- 6.3.4.2.- CONDICIONS DE PARCELA.- Parcela mínima: unidade de cultivo.- 6.3.4.3.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- Altura máxima: uso de vivenda, dúas plantas ou oito metros; usos menores, unha planta ou cinco metros; outros usos os que requira a explotación ou proceso debidamente xustificadas.- En concurrencia co artigo 24 das NN.SS.P.- O Concello de Ribadavia corresponde á área 2 cunha superficie mínima de parcela edificable de 4.000 m2.- Previo á obtención de licenzia tramitarase ante esta Administración Municipal a obtención da

"autorización" segundo sinala o artigo 42 LSG".- A aliñación frontal respecto á estrada de Carballiño será fixada pola COTOP.

Visto o escrito presentado por Don José Fernández Meiriño, veciño de San Cristovo, no que interesa información urbanística a unha finca da súa propiedade sita no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello que di: " O seu emprazamento corresponde ó Estudio de Detalle San Cristovo Travesía.- Ordenanza de aplicación 3.2.2.- Ordenanza UM: Usos Mixtos Grao A.- Definición.- Espacio de ordenación aberta, cerrada ou mixta destinado a usos mixtos, de residencia, industrial, comercio e dotacións, así como demais usos nucleares asociales a eles.- Dadas as diferentes características urbanísticas da Travesía e do interior do núcleo, no ámbito que é de aplicación a presente ordenanza, esta divídese en dos graos: GRAO A; ámbito territorial.- sinalado no plano de aliñacións, rasantes e ordenación; normas de usos, usos admitidos: Residencial: vivenda agrupada (considérase como tal a colectiva, é dicir, máis dunha vivenda por edificio); Comercial: primeira e segunda categoría; Industrial: en categoría primeira; Dotacional: calquera categoría; Normas de volume: Condicións de posicións: Aliñacións: segundo plano de aliñacións, rasantes e ordenación; Rasantes: as existentes; Posición: entre medianeiras; Condicións de parcelación: parcela mínima, 60 m²; fronte mínima, 6 metros; Condicións de edificación, altura máxima, tres plantas (B+2); permítese aproveitamento baixo cuberta; fondo máximo edificable: 12 metros, o patio de parcela poderá cubrirse cunha planta ou 3,50 metros de cornisa; na planta baixa e soto a ocupación poderá ser do 100% do solar no ámbito de aplicación da Ordenanza.-

Visto o escrito de Dona Ernestina Pérez Pérez, veciña de San Cristovo, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca da súa propiedade sita no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di: "Ordenanza de aplicación a 3.2.2. USOS MIXTOS GRAO B.- Definición.- Espacio de ordenación aberta, cerrada ou mixta destinado a usos mixtos, de residencia, industrial, comercio e dotación, así como demais usos nucleares asociales a eles.- Dadas as diferentes características urbanísticas da Travesía e do interior do núcleo, no ámbito que é de aplicación a presente ordenanza, esta divídese en dous graos: GRAO B.- Ambito territorial, sinalado no plano de ordenación; normas de uso, usos admitidos: Residencial, vivenda unifamiliar e agrupada (considérase como tal á colectiva, é dicir, máis dunha vivenda

por edificio); Comercial: primeira e segunda categoría; Dotacional: calquera categoría; normas de volume, condicións de posición: Aliñacións: as definidas no plano de aliñacións, rasantes e ordenación correspóndense cos cerramentos; posición: illada; unifamiliar: retranqueo, tres metros a tódolos lindeiros; Agrupada e outros usos: retranqueo a cinco metros a tódolos lindeiros; Rasantes: a do terreo natural ou no seu caso a da rúa á que dea fronte e medida a altura en calquera caso no punto medio das súas fachadas.- Condicións de parcelación: Vivenda unifamiliar: parcela mínima, 300 metros cadrados, fronte mínima, doce metros; Vivenda agrupada e outros usos (considéranse coma tales os restantes admitidos); parcela mínima, 500 m²; fronte mínima, 20 m²; Condicións de edificación: Altura máxima: unifamiliar, dúas plantas (B+1) e sete metros. Agrupada, tres plantas (B+2) e dez metros; permítese o aproveitamento baixo cuberta; ocupación máxima: 50% establecéndose como edificabilidade a resultante da ocupación por altura; edificabilidade 1 m²/m² en vivenda unifamiliar e 1,5 m²/m² noutros usos.- Condicións estéticas: son comúns a ambos graos.- Materiais de fachada, as fachadas serán de pedra do país ou acabados en morteiro monocapa de cores habituais na zona. Prohíbense expresamente os aplacados e azulexos.- Cubertas: serán inclinadas, sendo o material de cubrición tella cerámica plana ou curva, a pendente máxima será do 45% partindo da liña de cornisa, debendo ser uniforme. Quedan prohibidos os quebros nos faldóns; Carpintería exterior: empregárase madeira ou aluminio lacado nas cores similares ás existentes na actualidade".

Visto o escrito de Don Miguel Eduardo Carsi Zegri, con domicilio en San Cristovo, sobre expediente de legalización de nave para café bar especial e pub-discooteca no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello, que literalmente di: "En tramitación expediente por obra e actividade en SNU/N Artigo 42.- Compróbase que se realizaron obras e transformación que nada teñen que ver co proxecto primitivo de Setembro de 1990 e redactado polo arquitecto Don Juan C. González Loeda, nin tampouco se axusta á documentación técnica presentada o 26 de Abril de 1996 R.E n° 1277 e con visado colexial do 19 de Abril de 1996.- Sobre o certificado do Arquitecto Luís Antonio Chao Gómez e que se identifica coas seguintes reseñas administrativas: Visado colexial do 31 de Xullo de 1996 e entrada no Concello o 27 de Setembro de 1996, con R.E. n° 2905; O artigo 44 do Real Decreto 2816/1982 do 27 de Agosto non se pode aplicar ó presente expediente polas seguintes razóns: non se cumpriron as petición dos informes anteriores no

7 de Xuño de 1996 e dada a situación administrativa, pedíase se arquivase o expediente; as obras non concordan coa documentación presentada.- Sobre o termo do escrito "deberá indicar no dito informe as que sexan precisas", considérase: trátase dun problema xeral do proxecto e non de temas puntuais dada a transformación que se realizou sen as garantías técnicas precisas para dar seguridade ós usuarios.- Dado que se trata dun galiñeiro situado nunha zona arbolada, sen acceso en condicións, sen aparcamento (proxecto de aparcamento, alumeado, acceso a estrada, rede exterior de bocas de incendio).- O galiñeiro non sufriu ningunha alteración estrutural, as súas paredes son as mesmas, as "Cerchas" metálicas non están nen reforzadas nen protexidas e, a cuberta é de fibrocemento sin illamento nin protección, as paredes exteriores sen cámara.- Non se xustifica a orixe da auga para a loita contra incendios no suposto dun sinistro, depósitos e capacidade.- Non se aporta proxecto de ventilación.- Non se aporta proxecto de electricidade R.B.- Non se xustifica o illamento sonoro.- Non se xustifica permenorizadamente o cumprimento da CPI-91.- Non se xustifican nin se describen os materiais (os aseos teñen un teito de madeira barnizada), nin a súa resistencia ó lume en en forma normalizada.- Existen cerramentos exteriores de persiana.- As portas non teñen "manillas" normalizadas, e un longo etc. que o proxecto ten que recoller e xustificar.- Terá que quedar recollido polos seus respectivos informes as intervencións de organismos oficiais competentes: Goberno Civil, Medio Ambiente, Delegación de Industria e Instaladores que interveñan na obra, etc..

4. ESCRITOS OFICIAIS.-

Non houbo.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente o mes de Outubro presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co Convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 105.600 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o

expediente de xeración de créditos nº 5/96, por importe de 1.080.000 pesetas, con cargo a unha subvención da Consellería de Familia, Muller e Xuventude para a creación de empregos suplementarios.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.